



Concello de
OURENSE

Xeración de Crédito 5-X/19
Expte CIVIDAS nº 2019002468
Expte relacionado nº 2019002227

DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica

Vista a providencia da Concelleira Delegada de Asuntos Sociais de data 21 de xaneiro de 2019, tamén asinada pola Xefa de Servizo de Benestar Social.

A vista do certificado da Xefa Territorial da Consellería de Política Social de Ourense relativo á transferencia de fondos correspondentes ó cuarto trimestre do ano 2018 do servizo de axuda no fogar (SAF), documento de data 10 de xaneiro de 2019 e con rexistro de entrada no Concello de Ourense en data 14/01/2019 (nº RE 2019001566).

Existindo tamén no expediente xustificante bancario de ingreso por importe de 396.423,53 € de data 11/01/2019 e co concepto “servizo axuda no fogar 4º trimestre do 2018”.

Emitido informe proposta polo Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en data 25/01/2018, en relación ao expediente 5-X/2019 para xeración de crédito polo recursos indicados, remitido para informe preceptivo da Intervención Municipal na mesma data.

Emisión polo Interventor Municipal en data 30/01/2019 de informe preceptivo con referencia 05X-19 con asunto “expediente xeración de créditos nº 5-X/2019” no que entre outras cuestións indica que “non se aprecia vinculación entre recurso que financia e e o gasto que se pretende vincular” concluíndo que “fiscalízase de desconformidade polos fundamentos e consideracións anteriormente manifestados”.

Emitido a solicitude da Alcaldía, informe do Xefe de Xestión Económica e Orzamentaria en data 04/02/2019, no que mantendo a proposta de data 25/01/2019 indica “En canto os motivos polos que o Sr. Interventor “fiscaliza de desconformidade” o expediente, este indica que “neste sentido, con este expediente incrementarase a capacidade de gasto con destino ó Servizo de Axuda no Fogar con cargo a uns recursos correspondentes a outra anualidade orzamentaria e a outro proxecto de servizos sociais comunitarios, polo que non se aprecia vinculación entre recurso que financia e o gasto que se pretende executar”, sobre o que cabe indicar que tanto o certificado emitido pola Xefa Territorial da Consellería de Política Social de Ourense relativo á transferencia de fondos correspondentes ó cuarto trimestre do ano 2018 do servizo de axuda no fogar (SAF) como ingreso correspondente a este cuarto trimestre se teñen producido no ano 2019, sendo ademais que do exercicio 2018 quedaron pendentes de aplicación orzamentaria as facturas do meses de agosto a decembro de 2018, sendo evidente que esta vinculación está perfectamente xustificada na necesidade de incrementar o crédito orzamentario para ó recoñecemento de obrigas do exercicio 2018 que neste intre se atopan recollidas na conta 413 e que e corresponden coa facturación dos meses de agosto a decembro do citado ano 2018, financiando este maior orzamento de gasto con maiores ingresos efectivamente producidos vinculados co financiamento deste servizo no ano 2018 por parte da Xunta de Galicia e que non foron obxecto de xeración no



ano 2018. Sendo que o prazo de xustificación da subvención vinculada a esta xeración de crédito está vixente a data de hoxe, finalizando dito prazo o 31 de marzo de 2019.

En canto os pasos seguidos na tramitación dos expedientes cara a aprobación das facturas indicadas, foron os seguintes:

Mes / nº factura	Data factura	Importe	Data trámite	Tipo trámite
ago-18	24/10/2018	177.084,42 €	25/10/2018	Creación expediente
A18D8101100562			29/10/2018	Sinatura acta de conformidade
			31/10/2018	Sinatura de factura
			05/11/2018	Ok do rexistro de facturas e remisión para fiscalización
			20/12/2018	Nota de reparo Intervención Municipal
			20/12/2018	Informe do Servizo Xestor para levantamento de reparo
sep-18	31/10/2018	189.702,36 €	08/11/2018	Creación expediente
A18D8101100841			09/11/2018	Sinatura acta de conformidade
			14/11/2018	Sinatura de factura
			22/11/2018	Ok do rexistro de facturas e remisión para fiscalización
			20/12/2018	Nota de reparo Intervención Municipal
			20/12/2018	Informe do Servizo Xestor para levantamento de reparo
oct-18	22/11/2018	187.032,42 €	23/11/2018	Creación expediente
A18D8101110001			26/11/2018	Sinatura acta de conformidade
			28/11/2018	Sinatura de factura
			30/11/2018	Ok do rexistro de facturas e remisión para fiscalización
			28/12/2018	Nota de reparo Intervención Municipal
			28/12/2018	Informe do Servizo Xestor para levantamento de reparo
nov-18	10/12/2018	182.676,97 €	10/12/2018	Creación expediente
A18D8101120002			11/12/2018	Sinatura acta de conformidade
			11/12/2018	Sinatura de factura
			12/11/2018	Ok do rexistro de facturas e remisión para fiscalización
			28/12/2018	Nota de reparo Intervención Municipal
			28/12/2018	Informe do Servizo Xestor para levantamento de reparo

Este informe emítese en coherencia, e co mesmo criterio, mantido por este servizo no expediente nº 2018024759 (xeración de crédito 20X/2018), polo que se xerou crédito orzamentario no exercicio 2018 en base o ingreso derivado do cuarto trimestre de 2017.”

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e no Título III do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 5-X/2019, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N150.2318.22610	Gastos programa axuda a domicilio (dependencia)	396.423,53 €
	TOTAL.....	396.423,53 €

ORIXE DOS FONDOS

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: VR3F97PCXY0WEDNI



<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45026	Subvención Xunta programa axuda a domicilio	396.423,53 €
	TOTAL.....	396.423,53 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

